



novacaixagalicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE NOVA CAIXA GALICIA E O EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO PILOTO PARA A POSTA EN MARCHA E FUNCIONAMENTO DA TARXETA CIDADÁ

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. José Clemente López Orozco, na súa calidade de Alcalde Presidente do **EXCMO. CONCELLO DE LUGO**, con CIF número P2702800J.

Da outra D. Walter Álvarez Álvarez en nome e representación de CAIXA DE AFORROS DE GALICIA, VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA (en adiante Novacaixagalicia), en calidade de Director Territorial de Novacaixagalicia para Lugo-Asturias.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio,

EXPOÑEN

I. Que o Excelentísimo Concello de Lugo vai proceder a emitir unha tarxeta, denominada tarxeta cidadá, que sirva como medio de pagamento nos autobuses municipais de Lugo, e sexa ademais, compatible e interoperable para o transporte metropolitano de Galicia. Así mesmo, contará con outro moedeiro dentro do chip da tarxeta para que a persoa usuaria a poida utilizar noutros servizos municipais que se irán implantando ao longo do tempo, o que suporá unha maior comodidade e facilidade para acceder a ditos servizos municipais.

II. Que para a súa posta en marcha e posterior operativa diaria, é preciso contar con polo menos unha entidade financeira, a cal dará soporte de atención á cidadanía nas recargas dos moedeiros da tarxeta e facilitará a operativa financeira entre o propio Concello e as empresas concesionarias dos servizos públicos nos que a tarxeta se poderá utilizar mediante a homologación dos elementos de hardware nos que interactúen as tarxetas e dotando á súa vez a ditos intervenientes dos elementos de seguridade "módulos SAM" que permitan garantir a bondade das operacións/tarxetas conforme se indica na cláusula 8 do presente convenio.

III. Que Novacaixagalicia é a entidade financeira que, contando cunha ampla rede de oficinas por toda a cidade de Lugo, xestiona dende 1999 a tarxeta de transporte urbano da Compañía de Autobuses Urbanos de Lugo, e conta, ao día de hoxe, con preto de 35.000 tarxetas emitidas e en funcionamento, contando cunha elevada experiencia sobre a operativa financeira asociada e dispoñendo dun coñecemento interno entre o seu persoal de especial relevancia.



IV. Que Novacaixagalicia ten así mesmo unha grande experiencia na emisión de todo tipo de medios de pagamento e de tarxetas, e dispón ademais dos sistemas necesarios para a xestión destes e desexa colaborar co Concello de Lugo no desenvolvemento deste proxecto.

V. Que Novacaixagalicia lidera outros proxectos de tarxeta de transporte implantados nas cidades da Coruña, Ourense e en diversas áreas metropolitanas asignadas pola Xunta de Galicia ao redor do proxecto de tarxeta de transporte metropolitano de Galicia.

Por iso, ambas as entidades, asumen os seguintes compromisos conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

1. Modalidade de tarxeta a emitir

As características técnicas da tarxeta cidadá de Lugo axustarase aos seguintes requisitos:

Tarxeta intelixente dual (interfaz con e sen contactos) multiaplicación.

Tamaño: ID1.

Interfaz sen contactos conforme a ISO-14443B (13.56MHz).

Interfaz con contactos conforme a ISO-7816 1/2/3/4/5.

Con iso lograrase a súa utilización tanto no servizo urbano de transporte municipal, no transporte metropolitano xestionado pola Xunta de Galicia, coma o seu uso en servizos como a ORA, servizos municipais de deportes, bibliotecas, etc.

2. Definición e recarga das tarxetas

Para os efectos do presente convenio, enténdese por tarxeta cidadá aquela emitida polo Concello, composta por dous moedeiros electrónicos diferenciados e incorporados no plástico, e que permite aos seus titulares efectuar o pagamento de determinados servizos municipais: (i) o correspondente ao transporte (en adiante, “moedeiro transporte”) para o pagamento dos billetes de autobús para viaxes realizadas nas compañías de transporte habilitadas en cada momento para esta finalidade no eido da cidade de Lugo e no do transporte metropolitano xestionado pola Xunta de Galicia, e (ii) o municipal (en adiante, “moedeiro municipal”) para os demais servizos que o Concello incorpore en cada momento.

Enténdese por tarxeta chip, a actual tarxeta de transporte emitida por Novacaixagalicia en colaboración co Concello de Lugo, exclusivamente para o



pagamento de billetes nos autobuses da Compañía de transportes urbanos de Lugo para viaxes dentro do termo municipal de Lugo.

Novacaixagalicia pon á disposición dos titulares da tarxeta cidadá toda a súa rede de oficinas situadas no termo municipal de Lugo, así como os caixeiros automáticos da súa propiedade e os demais dispositivos que esta poida habilitar en cada momento, co fin de que os titulares poidan recargar os dous moedeiros electrónicos incorporados na referida tarxeta.

Polo tanto, a recarga da tarxeta cidadá pódese realizar:

- En caixeiros automáticos da rede de Novacaixagalicia: a carga realizarase con cargo a unha cartilla de Novacaixagalicia ou contra unha tarxeta financeira emitida por calquera entidade financeira, rexéndose neste segundo caso pola normativa vixente que é de aplicación nas disposicións de efectivo en terminais non atendidos (caixeiros automáticos ou terminais de autoservizo).

- En oficiñas de Novacaixagalicia (“por teclado ou terminal atendido”): acudindo a calquera oficina de Novacaixagalicia, poderase realizar a carga do moedeiro con diñeiro en efectivo, tarxeta ou con cargo á conta corrente ou de aforro (cartilla) de Novacaixagalicia, coa atención do persoal de portelo, rexéndose neste caso polas disposicións e condicións aplicables ás disposicións de efectivo por portelo.

Novacaixagalicia aboará diariamente á Compañía de transporte habilitada en cada momento para esta finalidade no eido da cidade de Lugo na conta que esta indique, o importe das recargas que se produzan no moedeiro de transportes, e cargará simultaneamente unha cantidade equivalente á prevista no convenio de colaboración actualmente vixente para o sistema de pagamento do transporte urbano de Lugo, con independencia de que este se denuncie ou resolva por calquera causas durante a vixencia do presente convenio.

As recargas das tarxetas que se produzan no moedeiro municipal aboaranse nunha conta float contra a cal serán compensadas as operacións de consumo que se produzan con cargo a dito moedeiro.

3. Traspasos de saldos

3.1. Traspaso do saldo da tarxeta chip á tarxeta cidadá

O titular da tarxeta cidadá que sexa tamén titular da tarxeta chip, poderá traspasar o saldo que teña almacenado en dita tarxeta, ao cal engadirase o importe da finanza desta, ao moedeiro transporte da tarxeta cidadá, utilizando para iso calquera das canles que en cada momento teña establecidos Novacaixagalicia, actualmente en oficinas, caixeiros automáticos e Pay-cash.



3.2. Traspaso do moedeiro municipal ao moedeiro transporte da tarxeta cidadá

O titular da tarxeta cidadá poderá traspasar a totalidade ou parte do saldo que teña almacenado no moedeiro municipal ao moedeiro de transporte. Non obstante, non será posible efectuar o traspaso do saldo do moedeiro de transporte ao moedeiro municipal, en ningún caso.

Os traspasos sinalados anteriormente nos números 3.1 e 3.2. poderanse realizar en calquera das oficinas de Novacaixagalicia, na súa rede de caixeiros automáticos, así como en calquera outro dispositivo que esta poida habilitar en cada momento.

3.3 Traspaso dun moedeiro (municipal ou de transporte) ao moedeiro (municipal ou de transporte) doutra tarxeta cidadá, tendo en conta que a titularidade das dúas tarxetas cidadás é coincidente.

Unicamente se permitirá o traspaso do moedeiro de transporte da tarxeta cidadá a outro moedeiro de transporte doutra tarxeta cidadá, pertencente ao mesmo titular, no caso de avaría da tarxeta.

Nestes casos é necesario que o cidadán solicite unha nova tarxeta cidadá no Concello, tras o cal este último enviará a Novacaixagalicia confirmación da baixa da tarxeta cidadá e información sobre a alta da nova tarxeta que substitúe a anterior, incorporando tamén a información e certificación do saldo do moedeiro de transportes e do moedeiro municipal da tarxeta anterior dada de baixa.

Para aqueles supostos onde non fose posible ler no Concello o saldo dos moedeiros incluídos na tarxeta cidadá dada de baixa, confirmase por parte do Concello dita imposibilidade e no caso do moedeiro de transporte Novacaixagalicia solicitará unha certificación de saldos á compañía de transportes habilitada en cada momento para esta finalidade no eido da cidade de Lugo, a través dun sistema automatizado de intercambio de ficheiros que permita obter dita información. Nesta mesma situación, ante a imposibilidade de lectura do saldo do moedeiro municipal dende o Concello, a certificación do saldo do moedeiro municipal compete integramente a Novacaixagalicia.

4. Titularidade da conta float

Unha vez posto en coñecemento das empresas concesionarias dos servizos municipais, a titularidade da conta ponte na que se aboarán as recargas do moedeiro municipal será de Novacaixagalicia.

Deberá ser unha conta restrinxida no seu uso exclusivamente aos movementos da tarxeta cidadá, para posteriormente realizar as transferencias, ás empresas



concesionarias e para facilitar realizar tamén as recargas de saldos das tarxetas que se estraguen a unha nova tarxeta cidadá de calquera persoa titular.

En calquera momento o Concello de Lugo poderá solicitar a Novacaixagalicia información sobre o estado da conta float e esta expedirá certificación sobre a información facilitada.

No caso de que se rescinda o convenio e se determine a imposibilidade de seguir a utilizar a tarxeta cidadá como medio de pagamento, finalizados os prazos e trámites previos necesarios que conforme a dereito permitan aos usuarios de tarxetas cidadán recuperar o saldo existente no moedeiro municipal, o saldo remanente “sen utilizar” existente nesta conta float será transferido a unha conta restrinxida do Concello de Lugo, asumindo dende este momento dito organismo a responsabilidade de pagamento ou reparación fronte aos usuarios das tarxetas cidadás existentes que non recuperasen o saldo existente no moedeiro municipal.

5. Consumos o descargas

Enténdese por consumos ou descargas os producidos polo pagamento dun servizo municipal ou dunha viaxe no transporte urbano ou metropolitano, xestionado este último pola Xunta de Galicia, e que supón o desconto do seu importe do chip do moedeiro municipal ou do moedeiro de transporte, segundo se trate.

Para iso o usuario debe realizar o pagamento dos servizos coa tarxeta cidadá nas canceladoras presentes nas instalacións das concesionarias que en cada momento teña habilitadas o Concello ou nos propios autobuses.

6. Colecta das operacións de consumo

A fin de que a/s empresa/s de servizos que acordasen co Concello a utilización da tarxeta cidadá como medio de pagamento dos seus servizos podan cobrar polos servizos prestados aos titulares da tarxeta cidadá, estas transmitirán con periodicidade diaria ao Concello de Lugo, a información relativa aos datos de explotación de ditos servizos aboados coa tarxeta cidadá, segundo a estrutura que as empresas acorden con dito organismo. Este envío de información recibe o nome de “ficheiro de colecta” e responde aos requirimentos de información establecidos polo Concello de Lugo.

O Concello é o responsable de esixir e asegurar as canles de transmisión, implantación de sistemas de autenticación que garantan a implementación de mecanismos que permitan garantir a integridade da información, así como o envío e recepción segura de ficheiros de colectas entre as empresas que as xeran e o propio Concello, conforme aos estándares e especificacións que este último determine de común acordo con ditas empresas.



A colecta incluíra os pagamentos realizados coa tarxeta cidadá, cargados no "moedeiro municipal" da tarxeta cidadá, polos servizos prestados aos seus usuarios, nas instalacións das empresas, podendo conter operacións efectuadas en días anteriores ou enviar máis dunha colecta ao día, pero en todo caso conforme ás especificacións indicadas polo Concello ás empresas.

En calquera caso nas colectas non poderán incluírse operacións de consumo con máis de quince (15) días de antigüidade respecto á data na que aquela foi realizada por parte do usuario de tarxeta cidadá. Se se inclúsen nunha colecta operacións de consumo cunha antigüidade superior a quince (15) días, poderían non obstante aboarse na EMPRESA logo de procesar a información conforme se indica a continuación, agás que fosen imposibles de cargar na tarxeta cidadá do usuario.

Novacaixagalicia procesará a información das colectas orixinadas polas empresas e recibidas directamente do Concello conforme á estrutura de colecta que o Concello e Novacaixagalicia pactarán de mutuo acordo; a partir desta información, Novacaixagalicia:

comproba a veracidade das operacións moedeiro.

xera un xustificante de recepción da colecta ("OK" ou "non OK") que se envía ao Concello.

Se na comprobación efectuada por Novacaixagalicia das operacións contidas na colecta se conclúe que existen operacións non válidas (duplicadas ou con sinatura do chip incorrecta) dita colecta devolveráselle ao Concello como "non OK", e non serán aboadas á empresa ou empresas ata que esta colecta se corrixa, eliminando as operacións marcadas como "non OK" e sexa enviada novamente a Novacaixagalicia, e responda esta cun "OK".

As operacións correspondentes aos pagamentos efectuados con cargo ao saldo dispoñible no "moedeiro municipal" e incluídos nas colectas enviadas pola/s empresa/s ao Concello de Lugo, e por este último a Novacaixagalicia, con aviso de recepción OK, entre os días 1-15 de cada mes formarán un bloque de liquidación. Igualmente, para o período 16-31 de cada mes formarase outro bloque de liquidación. O día hábil seguinte ao cerre de cada bloque de liquidación, Novacaixagalicia:

aboará á empresa na conta de Novacaixagalicia que esta indique, o importe das descargas que se produzan nas canceladoras habilitadas nas súas instalacións, e cargará simultaneamente unha cantidade equivalente ao 1% sobre o importe aboado en concepto de comisión sobre facturación con tarxeta, sen que iso teña repercusión económica para o Concello de Lugo.



No caso de que a empresa sexa o propio Concello de Lugo o 100% de titularidade municipal, durante a vixencia do presente convenio establécese un período de proba, denominado piloto, de 36 meses dende o seu asinamento, durante o cal non se cobrará comisión ningunha polo servizo, nin outros cargos polo seu uso que graven a súa utilización.

No caso de que a tarxeta cidadá se utilice como medio de pagamento no transporte metropolitano será Novacaixagalicia a encargada de definir, de acordo coa Xunta de Galicia, este proceso, posto que iso responde aos requirimentos de información requiridos e xa acordados entre Xunta de Galicia e Novacaixagalicia nos convenios que regulan o transporte metropolitano de Galicia asinados entre ambas as entidades.

7. Autorización para os procesos habilitados para o funcionamento do servizo metropolitano de transportes

No marco do transporte promovido pola Xunta de Galicia implementouse un sistema que permite o pagamento dos servizos de transporte interurbano efectuados en autobús mediante o uso dunha tarxeta específica. En dito proxecto Novacaixagalicia é, dende o inicio, colaboradora principal da Xunta de Galicia.

Por iso, e previa subscripción por parte do Concello e/ou da compañía de transportes da cidade de Lugo dos acordos ou convenios que para tal efecto sexan preceptivos, o moedeiro de transporte da tarxeta cidadá podería utilizarse para o pagamento dos servizos de transporte interurbano referidos no parágrafo precedente.

En relación co pagamento do transporte metropolitano coa tarxeta cidadá, deberanse manter os procesos que Novacaixagalicia ten habilitados coa Xunta de Galicia, tanto para validar a seguridade das transaccións como para efectuar a compensación indicada no parágrafo seguintes coas distintas empresas operadoras.

Ao mesmo tempo o Concello e a Compañía de transportes da cidade de Lugo deberán consentir que a compensación das operacións de consumo efectuadas pola tarxetas cidadá nas empresas de transporte metropolitano da Xunta de Galicia será efectuada cargando contra a conta de dita compañía de transporte, a mesma na cal se aboaron as recargas efectuadas polos usuarios da tarxeta cidadá con destino ao moedeiro de transporte.

Deste xeito requirirase que o Concello de Lugo e a propia compañía de transportes da cidade de Lugo confirmen a Novacaixagalicia a súa adhesión ao proxecto de transporte metropolitano liderado pola Xunta de Galicia, de tal xeito que ambas as entidades autorizarán expresamente a Novacaixagalicia para que esta poida efectuar a compensación das cantidades consumidas do moedeiro de transporte nas empresas de transporte metropolitano, e aboase a estas ditas cantidades, conforme aos procesos



habilitados e aos acordos existentes entre a Xunta de Galicia e as empresas de transporte.

8. Homologación dos elementos hardware e contrato de confidencialidade

Novacaixagalicia levará a cabo un proceso de homologación dos distintos elementos de hardware, así como do intercambio de ficheiros entre esta entidade e o Excmo. Concello de Lugo.

Para iso, o Concello de Lugo remitiralle unha unidade de cada un dos elementos hardware que van a interoperar coa tarxeta cidadá, procurando que ditas entregas permitan concentrar todos os traballos técnicos que deba realizar Novacaixagalicia no menor período de tempo posible.

Novacaixagalicia enviará, con antelación suficiente á posta en marcha da tarxeta cidadá, os compromisos de confidencialidade que deberán asinar as empresas concesionarias dos servizos municipais; despois de seren asinados, deberán ser remitidos de novo a Novacaixagalicia.

Así mesmo ditas empresas concesionarias deberán subscribir con Novacaixagalicia os preceptivos contratos nos que confirmarán que coñecen o eido de aplicación do presente convenio, reflectiranse os compromisos de confidencialidade de empresas e Novacaixagalicia respecto da tarxeta cidadá, así como o procedemento que rexe para o cobro das operacións e comisións polo servizo conforme se detalla na cláusula 6 precedente.

9. Fabricación da tarxeta cidadá

Previo á fabricación da tarxeta, Novacaixagalicia remitirá ao fabricante o ficheiro de personalización necesario, dispoñendo posteriormente dunhas 15 (quince) unidades para realizar as probas en real necesarias para que dita fabricación se axuste aos requirimentos técnicos fixados.

O Concello é quen decide cando e cantas tarxetas comprar a los fabricantes que en cada momento estean homologados, cursando orde de compra directamente a estes, homologando todos os aspectos relativos ao deseño físico da tarxeta. Ao mesmo tempo o Concello confirmará a Novacaixagalicia a orde de pedimento enviada por aquel ao fabricante en canto ao número de tarxetas que desexa adquirir, co obxecto de que Novacaixagalicia poida remitir á fábrica o ficheiro de personalización correspondente.



10. Proceso de solicitude da tarxeta cidadá

Co obxecto de dar o maior e máis cómodo servizo á cidadanía, Novacaixagalicia colaborará e porá a disposición do Concello de Lugo persoal técnico altamente cualificado en procesos para asesorar a este último no establecemento dun circuíto o máis cómodo posible para os cidadáns de Lugo e facilitar a solicitude da tarxeta por medios telemáticos ou correo, directamente dende o domicilio do propio cidadán e obviando desprazamentos.

Respecto das primeiras 10.000 solicitudes de contratación da tarxeta cidadá que se remitan aos potenciais usuarios a través do servizo de Novacaixagalicia, esta asumirá o custo dos sobres onde se deberá introducir a referida solicitude, así como o custo do prefranqueo, sempre e cando o sobre comercial de resposta teña unhas medidas máximas de 105 x 250, e a documentación que se inclúa neste non supere os 90 gramos. No caso contrario, será o Concello quen asuma este custo.

Así mesmo, Novacaixagalicia asumirá o custo da personalización das primeiras 10.000 tarxetas a emitir (impresión termográfica do nome do titular da tarxeta) xunto co seu correspondente envío postal aos domicilios dos cidadáns solicitantes, onde se inclúa a propia tarxeta xa personalizada e a carta de benvida do Concello de Lugo, sempre que ditos servizos (personalización, encarte e envío das tarxetas) os preste directamente Novacaixagalicia.

11. Cancelación da tarxeta cidadá

A solicitude de cancelación da tarxeta cidadá deberá realizarse directa e exclusivamente polo titular desta ante o Concello, debendo este emitir un certificado acreditativo da cancelación do Contrato de emisión da tarxeta cidadá, así como da entrega ao Concello da referida tarxeta.

Con dito certificado, o cidadán poderá acudir a calquera oficina de Novacaixagalicia para solicitar a devolución do saldo correspondente ao moedeiro municipal, e dita entidade financeira disporá dun prazo de QUINCE días hábiles dende a emisión do certificado polo Concello para proceder, no seu caso, á devolución do saldo do moedeiro. Este prazo mínimo é necesario para garantir que as posibles operacións de consumo en voo se colectarán, procesarán e cargarán no moedeiro municipal.

En ningún caso procederá a devolución do saldo do moedeiro de transportes, cuestión que se deberá reflectir no correspondente contrato de tarxeta cidadá suscrito polo usuario co Concello de Lugo. O saldo de dito moedeiro de transporte poderá consumirse unicamente na utilización do transporte municipal no autobús urbano da cidade de Lugo ou no transporte metropolitano conforme ao indicado nas cláusulas 6 e 7 precedentes.



12. Administración da tarxeta cidadá

Ademais das situacións normais de solicitude de alta e cancelación da tarxeta que deben tramitarse directamente polos cidadáns ante o Concello conforme se define no presente convenio, é o propio Concello quen asume a administración da tarxeta ante calquera pedimento dun cidadán de modificación do estado desta: bloqueo, anulación de bloqueo, substitución da tarxeta por outra nova ante deficiencias de funcionamento da anterior, etc.

Para resolver estas situacións, descritas brevemente no ANEXO VII, os cidadáns deberán acudir ao Concello e dende alí iniciaranse as tarefas necesarias para resolver o pedimento deste, informando en cada caso a Novacaixagalicia a través do envío dun ficheiro cunha estrutura previamente acordada conforme se indica no ANEXO VIII.

13. Instalación de terminais de autoservizo

Co obxectivo de facilitar o acceso aos distintos servizos que se poden realizar coa tarxeta, Novacaixagalicia procederá á instalación daqueles terminais de autoservizo ou quioscos (Pay-Cash), para poder acceder á recarga de moedeiros da tarxeta cidadá contra efectivo. Para iso, e buscando tamén a máxima eficiencia posible, en canto exista un número de tarxetas cidadás en circulación en poder de usuarios demandando o servizo de recarga, determinarase entre o Concello de Lugo e Novacaixagalicia as posibles localizacións, dentro das oficinas de Novacaixagalicia, consideradas interesantes en atención do número de recargas que se están a producir e a súa distribución en canto á distribución xeográfica das oficinas nas que se están a orixinar.

Este servizo ofrecido por Novacaixagalicia non suporá ningún tipo de custo ou carga económica ao Concello de Lugo.

14. Servizo de atención aos usuarios da tarxeta cidadá

O Concello de Lugo, co obxecto de facilitar o uso da tarxeta cidadá por parte de toda a cidadanía e para contribuír a resolver as dificultades ou problemas que se lles poidan presentar, poderá pór en funcionamento un servizo exclusivo de atención aos usuarios da tarxeta cidadá nas dependencias que se habiliten para iso.

Adicionalmente, a prestación efectiva deste servizo poderá ser subcontratada segundo o establecido na normativa vixente en materia de contratación pública a unha terceira entidade.



15. Confidencialidade da información asociada ao convenio

Novacaixagalicia comprométese a tratar como información confidencial toda a información vinculada ao obxecto do presente convenio, incluíndo, sen limitación, calquera informe ou información escrita ou oral subministrada polo Concello de Lugo.

16. Comisión de seguimento

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria de seguimento integrada por dous representantes do Concello de Lugo e dous de Novacaixagalicia. Ditos representantes poderán designar substitutos ou suplentes nos supostos de vacante, enfermidade e ausencia.

Ao mesmo tempo, co obxectivo de desenvolver os aspectos técnicos recollidos no presente convenio, dita comisión de seguimento poderá constituír grupos de traballo nos que estarán técnicos do Concello de Lugo e de Novacaixagalicia.

A comisión de seguimento prevista nesta cláusula asumirá as funcións de análise e proposta de introdución de modificacións e innovacións no funcionamento da tarxeta cidadá, así como o seu seguimento.

17. Duración do presente convenio

O presente convenio de colaboración producirá os seus efectos a partir do día do seu asinamento pactándose por un período de duración de tres (3) anos contados dende dita data, sen posibilidade de prórroga.

Como información complementaria do compromiso asumido por Novacaixagalicia nos termos previstos neste convenio, achéganse como anexos, os seguintes documentos acreditativos da idoneidade e do compromiso de Novacaixagalicia con esta:

Anexo I. Deseño definitivo do anverso e o reverso da tarxeta cidadá de Lugo.

Anexo II. Desenvolvementos informáticos realizados ou que se van realizar por parte de Novacaixagalicia para dar soporte á tarxeta cidadá: neste infórmase do orzamento do custo que asumirá Novacaixagalicia para a adaptación dos caixeiros e dispositivos para a recarga dos moedeiros das tarxetas, así como o custo do desenvolvemento da aplicación para as tarxetas sen contactos e compra de quioscos de recarga de moedeiros.



Anexo III. Posicionamento de Novacaixagalicia no municipio de Lugo (especial mención á rede de oficinas e caixeiros automáticos): infórmase do número de oficinas e caixeiros automáticos de Novacaixagalicia no municipio de Lugo, como reflexo dunha completa rede que comprende todas as zonas e barrios da cidade, para maior comodidade da cidadanía, facilidade importante á hora de efectuar as xestións relacionadas coa recarga de tarxetas, sen necesidade de grandes desprazamentos.

Anexo IV. Tarxeta de transporte urbano de Lugo: infórmase en dito anexo sobre o número de tarxetas emitidas por Novacaixagalicia para o transporte urbano no municipio de Lugo, servizo que, como queda exposto, xestiona, sen incidencias, dende hai 8 anos.

Anexo V. Axudas e convenios de colaboración entre a Fundación e a Obra Benéfico Social de Novacaixagalicia co Concello de Lugo, nas que se demostra a especial vinculación da primeira entidade financeira galega coa cidade de Lugo.

Anexo VI. Colaboracións e convenios financeiros co Concello de Lugo: achégase unha relación dos convenios e operacións subscritos entre o Concello de Lugo e Novacaixagalicia, representativos do bo servizo dado por esta entidade a dito Concello.

Anexo VII. Administración das tarxetas cidadás.

Anexo VIII. Formato de ficheiros de altas, baixas e substitucións.

Anexo IX. Especificacións técnicas desenvolvidas por Novacaixagalicia conforme aos requirimentos solicitados polo Concello de Lugo en relación á tarxeta cidadá e ás aplicacións que contén.

E para que conste, para os efectos oportunos, ambas as partes asinan o presente convenio en Lugo o vinte e catro de marzo de 2011

POLO CONCELLO DE LUGO

POR NOVACAIXAGALICIA

Asdo.: José C. López Orozco

Asdo.: Walter Álvarez Álvarez



D.G.A. de Sistemas

Div. Tecnoloxía e Procesos

Anexo II. Desenvolvementos informáticos realizados ou que se van realizar por parte de Caixa Galicia para dar soporte á tarxeta cidadá

Tarxeta Cidadá Concello de Lugo



Alcance

Un equipo mixto formado por recursos de **empresas externas de software e Caixa Galicia**, realizarán as seguintes tarefas:

- **Adaptación** do Software xa desenvolvido para o proxecto de tarxeta Cidadá do Concello da Coruña ás necesidades do Concello de Santiago
- **Adaptación** do Software para o tratamento da Cidadá de Lugo en oficinas e caixeiros do Concello de Lugo
- **Compra, personalización e distribución** de Módulos SAM de Seguridade
- **Xestión** das altas de novos operadores e **verificación** dos datos das colectas recibidas e **homologación** de canceladoras
- **Instalación e formación** de distintos procesos de Caixa Gestión para o tratamento dos ficheiros de colectas

Tarxeta Cidadá Concello de Lugo



Presupuesto estimado: 73.547 €

Recursos Software	Xornadas	Custo xornada	Importe total IVA
1 Xefe de proxecto	45	388,64 €	17.489 €
1 Analista de procesos	90	325,82 €	29.830 €
1 Analista arquitecto	45	317,00 €	11.644 €
1 Analistas programadores	30	254,36 €	9.510 €
TOTAL			68.472 €

Hardware	Custo unitario	Personalización distribución	Unidades	Importe total IVA
Módulo SAM Seguridade	18 €	12,5 €	141	5.075 €
TOTAL				5.075 €

D.G.A.Sistemas
Oficina de Proyectos

Presenza do Grupo Caixa Galicia no municipio de Lugo

Rede de oficinas: O Grupo Caixa Galicia conta actualmente cunha rede integrada por **16 oficinas operativas** no municipio de Lugo, rede que se amplía ata as 79 sucursais se se considera o conxunto da provincia.

O grupo conta coa **rede máis extensa e con maior capilaridade** do municipio, duplicando con folgura a rede de oficinas da segunda entidade financeira con maior presenza.

Municipio Lugo

Oficinas principais entidades financeiras

Entidade	Nº Oficinas
Caixa Galicia	16
Caixanova	7
La Caixa	7
BBVA	6
Caja Rural Galega	5
Grupo Banco Popular	5
SCH	5
Banco Pastor	4
Banco Gallego	4
Banco Caixa Geral	2
Caja Madrid	3
Banesto	2


Setembro de 2010



Negocio: O Grupo Caixa Galicia xestiona no municipio de Lugo un **volumen de negocio** próximo aos **3.000 millóns de euros**, o que supón xestionar 4 de cada 10 euros do total de volumen de negocio financeiro de Lugo, outorgando tamén nesta sección o liderado no municipio.

Cientes: A entidade conta con máis de **69.000 clientes** (persoas físicas e xurídicas) no municipio de Lugo, o que supón que operan coa entidade 7 de cada dez lugueses.

Automatización: Caixa Galicia conta con **31 caixeiros automáticos** e con **52.000 tarxetas** no municipio. A eles únese un parque de máis de **750 Terminais Punto de Venda (TPV)** propios.

Estes datos sitúan ao Grupo Caixa Galicia nunha posición de **claro liderado financeiro no municipio de Lugo, que se estende ao conxunto da provincia e da comunidade galega**, tanto en termos de rede de sucursais coma de volumen de negocio, clientes ou automatización.





[Handwritten signature]

COLORES USADOS / COLORS
■ Cuatricromia CMYK

TARJETA /JOB	Pantone 0000 CV
PRUEBA N° / PROOF Nr.	_____
MODIFICACION	_____
COPIA	_____
FECHA / DATE	_____

COLORES USADOS / COLORS
■ Cuatricromia CMYK
■ B.M. HiCo □ Panel escritura blanco

ACCIÓN SOCIAL CAIXA GALICIA


Tal e como se establece no obxectivo fundacional de Caixa Galicia, unhas das súas misións é dar un servizo que favoreza o desenvolvemento da sociedade, non só mediante o seu soporte financeiro como entidade de crédito, senón igualmente mediante o apoio de distintas actividades socioculturais que permitan cumprir con dito compromiso. Esta vocación de servizo á sociedade articúlase a través da Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín e a través da Obra Social.

O Concello de Lugo e Caixa Galicia, actuando, ben no eido da súa obra benéfico social, ben a través da Fundación Caixa Galicia – Claudio San Martín, colabora estreitamente na realización de actividades socioculturais no municipio de Lugo. Esta colaboración plásmase no asinamento anual de convenios co obxectivo de desenvolver novos proxectos socioculturais da mellor e máis alta calidade e diversidade. O importe acumulado destes convenios nos últimos dez anos ascende a 2,6 millóns de euros e permitiu levar a cabo exposicións de dimensión internacional, concertos e representacións teatrais de primeiras figuras do panorama nacional e internacional e numerosas conferencias e actividades formativas. Así mesmo, apoiáronse eventos tan importantes para a cidade de Lugo coma as Festas Patronais de San Froilán, a Semana de Música do Corpus ou o Festival de Música Cidade de Lugo. A todas elas hai que sumar accións de recuperación do patrimonio histórico e artístico entre as que destaca a execución das obras de reconstrución da “Fonte dos Leóns” coas que se restituíu esta ao seu estado orixinal do ano 1861.

O compromiso de Caixa Galicia coa cidade de Lugo no eido sociocultural materialízase ademais na posta a disposición da cidadanía de infraestruturas socioculturais como o Centro de Maiores Caixa Galicia, a Escola Infantil Sagrado Corazón, Ciberalia Lugo ou a Aula Sociocultural e Sala de Exposicións xestionados pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín na Praza Maior.

Así mesmo, Caixa Galicia colabora con outros organismos e entidades en proxectos e iniciativas de vital importancia para Lugo entre os que cabe citar o Plan Estratéxico da Provincia de Lugo 2008-2013, a creación e posta en marcha do novo centro da UNED na cidade de Lugo ou os vehículos entregados a distintas asociacións para facilitar a mobilidade e integración laboral de persoas discapacitadas. Como resultado da vocación de capilaridade e universalidade da súa acción social, Caixa Galicia colabora anualmente con aproximadamente 50 entidades con sede no municipio de Lugo.

Máis de 300 actividades anuais, 120.000 asistentes, 15.500 socios e alumnos nos centros socioasistenciais, e un investimento sociocultural que nos últimos 5 anos ascendeu a máis de 22 millóns de euros, dan mostra do enorme compromiso actual e futuro de Caixa Galicia coa cidade de Lugo.



ANEXO VI COLABORACIÓN E CONVENIOS FINANCEIROS CO EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LUGO

Servizos de recadación:

A Caixa de Aforros de Galicia dende sempre puxo á disposición do Concello de Lugo a súa rede de oficinas e caixeiros co fin de facilitarlle aos cidadáns o pagamento de tributos e taxas municipais, ratificado por convenio en setembro de 2008.

Ao longo do ano 2009, o 69,10% dos recibos non domiciliados (comunmente chamados de "portelo") correspondentes á totalidade do padrón municipal, pagáronse a través de Caixa Galicia.

